

A arte no século XIX. Un mundo en transformación

Introdución

No século XVIII, a evolución do Barroco leva ao Rococó, estilo decorativo denso e excesivo que camiña parello ao agotamento da propia Época Moderna. Froito dos fondos cambios que abriron a Época Contemporánea, a arte sufrirá durante todo o século XIX unha transformación conceptual completa, a cal levou a un cambio radical en canto a formas e conceptos. Xa a finais do século XVIII vai desenvolverse a arte neoclásica como reacción contra os recargados movementos anteriores. O Neoclasicismo está inspirado no espírito da Ilustración e tenta facer un revisionismo da arte clásica e por conseguinte, da renacentista. Isto vai ser só o punto de partida para unha evolución sen precedentes no mundo artístico.

Arquitectura:

Como continuidade a certo esgotamento de ideas, a nivel arquitectónico, o historicismo marca á nova maneira de construír no século XIX, que se deixa influír pola añoranza ao pasado, e que concentraba todos os seus esforzos en recuperar a arquitectura de tempos anteriores. Ao neoclasicismo do pasado século XVIII continuoulle o neogótico, asociado aos ideais románticos nacionalistas. Pronto xurdirían o neorrománico, o neobizantino, o neomudéxar ou o neobarroco como principais correntes historicistas.

A medida que o século XIX avanzaba, xorde a arquitectura ecléctica, quen fai evolucionar á historicista combinando variedade de estilos nunha nova estrutura que integra o cristal e o aceiro, en alusión á nova sociedade industrial (son exemplo destes tempos os xardíns botánicos, as pontes de ferro, ou monumentos como a Estatua da Liberdade e a Torre Eiffel).

A finais do século decimonónico, contemplouse a idea de aproveitar o desenvolvemento tecnolóxico sen deixar de lado ao artesán, unha figura para destacar. Coa dispersión dos seus defensores, as ideas deste movemento evolucionaron no contexto francés cara á estética do *Art nouveau* (tamén coñecido como modernismo), considerado o último estilo do século XIX e o primeiro do século XX. Este novo proceder, de fantasiosa decoración e imaxinativo en canto ás formas, tivo pronto éxito en París, Viena ou Barcelona (destacan as obras de Antoni Gaudí).

Escultura:

Nesta variante artística, o século XIX ábrese de novo co chamado neoclasicismo, é dicir, cun estilo que volve constantemente ás fontes da arte clásica. Este momento “clásico” está dominado por figuras como Antonio Canova, pero cambia rapidamente ao Romanticismo. Prodúcese a decadencia da escultura relixiosa e cobra importancia a estatuaría como elemento decorativo da arquitectura. O gran escultor do século en

cuestión é Auguste Rodin. Representante dun estilo a cabalo entre o realismo e o impresionismo, está considerado como o escultor que abre as portas do século XX. Todas as novas xeracións de escultores compartirán a habilidade para ver máis aló da superficie, o que lles vai outorgar forza ás obras. Para eles, a beleza da arte radica na representación do estado interior.

Pintura:

A Pintura do século XIX non estivo exonerada da creba histórica. Tamén se deixou influenciar polo fenómeno político revolucionario francés, producíndose a ruptura cos tradicionais artistas que mostraban o que a monarquía e a igrexa pretendían. O mundo non está en orde, e iso é o que pretende amosar a nova arte, ao mesmo tempo que propón unha nova forma de entender a beleza.

Desde o século XVII, coa aparición das academias, fóranse establecendo os cánones do clasicismo pictórico, pero non foi ata a segunda metade do século XVIII coa Ilustración, cando chegan a establecerse como convencións impostas á práctica do oficio en toda Europa occidental (rígidas indicacións sobre cómo pintar). Simultaneamente aparecen a crítica e o estudo da historia da arte. Neste momento comeza a convocatoria de certames ou salóns artísticos. O estalido da Revolución francesa salpicou a orde establecida en todos os campos, e a nivel artístico, irrompen os novos estilos antiacadémicos, que deixaban liberdade de formas e temáticas ao pintor sen que por iso pasase a considerarse peor artista, cuestionándose a definición de arte. Alí onde o Neoclasicismo propón unha beleza ideal, racionalismo e o culto á Antigüidade clásica, o Romanticismo opónse e vai promover o corazón, a paixón, o irracional, a desorde, a exaltación, a cor e o culto á Idade Media.

Cara a mediados do século XIX hai unha volta, en certa forma, ao racionalismo como fonte de inspiración. O notorio desenvolvemento provocado pola Revolución industrial, os seus “efectos secundarios” e a frustración cos estímulos revolucionarios de 1848 levan ao artista a esquecerse do tema político e a centrarse no tema social. Xorde así o realismo, estilo que comprende que a única fonte de inspiración na arte é o mundo real, non existindo ningún tipo de beleza preconcebida máis aló da que fornece a realidade, e o artista o que debe facer é reproducila sen embelecela. Precedidos por Gustave Courbet (referente da pintura do realismo e considerado por algúns como iniciador da pintura independente), dous pintores franceses cobren a segunda metade do século XIX, pasando por todos os movementos rupturistas e facendo de “mestres de pintores”: Édouard Manet e Paul Cézanne -a identificación dun ou doutro cun estilo concreto non pasa de ser unha etiqueta historiográfica que non cobre a totalidade das súas amplas e complexas traxectorias-.

O Romanticismo plasmara na pintura das primeiras décadas do XIX o protagonismo histórico das masas (visible xa en Goya), pero Courbet non necesitou para iso empregar temas heroicos, senón cotiáns, traspasando os límites da obscenidade. Buscando unha total liberdade artística, renunciou expresamente a transixir co gusto dominante e expuxo as súas obras pola súa conta, sendo un modelo para moitos artistas posteriores. Así, o academicismo dominante foi desafiado polas teorías artísticas de renovación, que pretendían recuperar a pureza primitiva da pintura anterior ao século XVI. Con todo, a maior parte da produción pictórica respondía a criterios convencionais

e coincidentes co gusto burguéis dominante, o que lles garantía aos pintores o seu éxito de mercado aínda que os cualificasen pola súa técnica mesmo de gusto vulgar.

Manet, pola súa obra, causaría sensación no *Salon des Refusés* de 1863 (“Salón dos rexeitados”). A pesar da súa evidente continuidade co realismo, é considerado o precedente máis directo da gran renovación pictórica do último cuarto do século XIX, - aínda que nos seus cadros aínda non estaba presente- e que vai denominarse como impresionismo.

A técnica impresionista foi un innovador concepto na utilización da luz e a cor: a súa disposición no lenzo a través de pinceladas soltas de cores puras, que non se mesturan na paleta do pintor senón na retina do espectador, acentuando os contrastes pola oposición das complementarias, e buscando os efectos de vibración e luz reflectida. É tamén a época de ouro da acuarela. Derivado do impresionismo xurdirá o neoimpresionismo, tamén coñecido como divisionismo ou puntillismo (expuña levar a técnica do impresionismo ao seu extremo, reducindo a aplicación dos pigmentos puros a puntos, que observados na distancia compoñían as imaxes cun efecto impactante). O simbolismo foi outro movemento cultural xurdido a finais do século XIX en Francia e que se desenvolveu por diversos países europeos. En pintura, o simbolista foi un estilo de corte fantástico e onírico que xurdiu como reacción ao naturalismo da corrente realista e impresionista, fronte a cuxa obxectividade e descrición detallada da realidade opuxeron a subxectividade e a plasmación do oculto e o irracional.

Os últimos anos do século XIX (o *fin de siècle*) e o comezo do século XX son un período de gran axitación intelectual no que se derrubaban os paradigmas científicos (teoría da relatividade, revolución neuronal, darwinismo, psiquiatría, etc). Desde 1884 víñase celebrando o *Salon des Indépendants* (“Salón dos independentes”), onde podían exhibir as súas obras aqueles autores que non entraban dentro dos circuitos oficiais das academias. Despois das oito exposicións impresionistas, as innovacións conceptuais que escandalizaban poucos anos atrás (e que seguirían sendo explotadas por moitos anos máis) pasaran a ser camiños pouco estimulantes para os pintores máis inquietos, que as atopaban insuficientes para as súas necesidades expresivas. Sen renunciar á cor e a luz, artistas como Cézanne e Van Gogh atoparon ese camiño na simplificación de volumes en corpos xeométricos (esferas, cilindros, conos...). Desta visión da realidade xorde o posimpresionismo. Caracterízase por un enfoque subxectivo da pintura, xa que os artistas buscaban evocar emocións a través da súa obra, deixando ao carón o realismo.